


MEMORIA XUSTIFICATIVA

CARPETA 01.MX

ANEXO I. ESTUDO DA PAISAXE

1. Introducción.....	3
2. Caracterización da paisaxe	3
3. Identificación dos elementos singulares do ámbito de estudo	5
4. Análise da visibilidade	7
5. Identificación dos impactos	13
6. Xustificación das medidas de integración paisaxística.....	14



1. INTRODUCCIÓN

A Modificación puntual do PXOM no ámbito do sector SUD 9-10 incorpora un estudo da paisaxe en cumprimento do artigo 35 do Decreto 96/2020 de 29 de maio, polo que se aproba o Regulamento da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia.

No estudo da paisaxe xustifícase, con carácter xeral, o cumprimento das directrices da paisaxe de Galicia, tal e como se recollen no Decreto 238/2020, de 29 de decembro, co fin de integrar no plan os obxectivos de calidade paisaxística previstos para o tipo e unidade de paisaxe que se estuda.

De xeito máis específico, xustifícase a congruencia das disposicións da modificación puntual do PXOM no ámbito do SUD 9-10 co carácter e a morfoloxía da paisaxe afectada, en atención ás características do sistema viario e os elementos construídos que delimitan o ámbito, dun xeito proporcionado ao alcance da modificación do planeamento que se tramita (DX.03)

O estudo recolle e xustifica os aspectos de integración paisaxística que xa foron considerados no estudo e diagnóstico previo á formulación do documento urbanístico, e que forman parte esencial e inseparable do propio proceso planificador.



O estudo da paisaxe integra a memoria xustificativa de adaptación ao ambiente e protección da paisaxe, nos termos indicados no artigo 135 a) do Regulamento da Lei do Solo de Galicia.


2. CARACTERIZACIÓN DA PAISAXE

De acordo co Catálogo das paisaxes de Galicia, o ámbito de estudo encádrase na grande área paisaxística de Galicia Central, na comarca paisaxística de Terras de Santiago-A Barcala. O tipo de paisaxe predominante da comarca é o do val sublitoral cun clima termotemperado.

O ámbito concreto de estudo constitúe unha unidade de paisaxe do tipo urbano.

Nas imaxes seguintes móstranse algúns dos elementos de caracterización xeral da paisaxe da zona de estudo, segundo o catálogo de paisaxes de Galicia.





O sector sitúase ao suroeste do núcleo urbano de Santiago de Compostela, na zona de expansión planificada da cidade que se iniciou co PXOU do ano 89, en torno aos eixos da rúa da Choupana e de Santa Marta, prolongación da rúa de Rosalía de Castro, na saída tradicional da cidade cara a Pontevedra. Está chamado a rematar este segundo ensanche ao suroeste da cidade.

SERVIZO DE PLANEAMENTO E XESTIÓN URBANÍSTICA

O ámbito caracterízase pola presenza de grandes infraestruturas que definen os seus límites: o complexo hospitalario universitario de Santiago (CHUS) ao norte e a avenida de Xosé Filgueira Valverde ao suroeste, por onde discorre o periférico da cidade.



Un estudo máis desenvolvido das características físicas do ámbito pódese atopar na memoria informativa do documento.

3. IDENTIFICACIÓN DOS ELEMENTOS SINGULARES DO ÁMBITO DE ESTUDO

O ámbito de estudo, que conforma unha unidade de paisaxe de tipo urbano, non conta con valores naturais ou ecolóxicos incluídos no Catálogo das paisaxes de Galicia que deban ser considerados na súa planificación. Tampouco forma parte de ningún área de especial interese paisaxístico (AEIP) ou que requira especial atención paisaxística (AEAP) de acordo co dito catálogo.

Si conta, porén, con elementos de valor patrimonial e cultural, de especial relevancia cara á futura ordenación do sector, que se identifican de seguido.

O camiño Portugués


O Decreto do Consello da Xunta de Galicia DEC 154/2013, do 5 de setembro, *polo que se aproba a delimitación dos tramos do Camiño de Santiago do Norte, Camiño Portugués, Ruta da Prata e*

SERVIZO DE PLANEAMENTO E XESTIÓN URBANÍSTICA

Camiño de Fisterra ao seu paso polo termo municipal de Santiago de Compostela recolle o trazado definitivo e as zonas de afección dos camiños citados. O Decreto foi publicado no Diario Oficial de Galicia número 184, do 26 de setembro de 2013.

O Catálogo de paisaxes de Galicia incorpora o trazado dos Camiños de Santiago, como elementos de gran valor patrimonial. Cabe sinalar que a delimitación oficial do camiño modificou o trazado considerado no PXOM vixente. Un dos obxectivos da modificación puntual que se formula é precisamente, recoller e integrar no desenvolvemento do SUD 9-10 a delimitación oficialmente aprobada.

A imaxe seguinte mostra o trazado definitivo aprobado do Camiño Portugués, en relación coa delimitación do ámbito en estudo.




O xacemento arqueolóxico do Castriño de Conxo e os seus petróglifos

No ámbito está situado o xacemento arqueolóxico do Castriño de Conxo, que contén un asentamento fortificado prerromano (o castro) e que conta cunha rocha con varios petróglifos.

Tanto o castro como os petróglifos están incluídos no catálogo de bens de interese cultural de Galicia e no propio catálogo do Plan xeral coas referencia GA15078041 e GA15078084.

A existencia dos citados elementos foi tida en conta nas previsións do PXOM para o desenvolvemento do sector de solo urbanizable SUD 9-10, que garanten a axeitada integración e posta en valor destes elementos. A modificación do PXOM que se tramita non altera as ditas determinacións.




4. ANÁLISE DA VISIBILIDADE

4.1. A visibilidade do ámbito desde o exterior

Visibilidade estratéxica. Exposición visual do ámbito

A zona obxecto de estudo ten, segundo o mapa de visibilidade estratéxica do Catálogo das paisaxes de Galicia, unha exposición visual media e baixa desde as principais estradas e núcleos de poboación.



Visibilidade desde os miradoiros e puntos de observación da contorna

Os puntos de observación considerados e o resultado da análise foron os seguintes:

Miradoiros incluídos no Catálogo das paisaxes de Galicia:

- Paseo dos Leóns: o ámbito en estudo non é visible
- Miradoiro da Ferradura: o ámbito en estudo non é visible
- Monte Pedroso: a posición do ámbito do estudo resulta irrelevante desde o miradoiro do alto do Pedroso, desde o que apenas é posible intuír a posición do Hospital, que ocultaría a zona de estudo.



Miradoiros non incluídos no catálogo:

- Miradoiros da Cidade da Cultura e do Monte do Viso.

Desde estes miradoiros da cidade tampouco é visible a zona de estudo, que queda oculta polas edificacións residenciais da avenida de Ferrol, nos altos de Conxo.



Conclúese, polo tanto, que desde o punto de vista da integración paisaxística, a posición do ámbito resulta irrelevante en relación cos principais miradoiros da cidade.

Visibilidade na secuencia de aproximación desde o Camiño portugués.

Na secuencia de aproximación desde o itinerario do Camiño Portugués o ámbito de actuación non resulta perceptible ata o tramo urbano que discorre pola urbanización do sector SUNP-22, de Volta do Castro, na rúa de Margarita Nelken.



Xa dentro do ámbito o camiño discorre pola rúa da Volta do Castro de Abaixo, a unha cota máis baixa que a rúa de Volta do Castro, polo que non hai unha visión directa e frontal do ámbito nesta zona ata o punto de confluencia do camiño con esta rúa, na glorieta de Volta do Castro.






4.2. A visibilidade desde o ámbito

Visibilidade estratéxica desde zonas con maior potencial de vistas


Na imaxe seguinte móstrase a visibilidade estratéxica desde as zonas con maior potencialidade de vistas do ámbito, segundo o Catálogo das paisaxes de Galicia.



Estudo das vistas desde o ámbito

As mellores vistas desde o ámbito produciranse, loxicamente, desde as zonas máis elevadas.


As ditas zonas son as que se sinalan na imaxe seguinte: a croa do castro e a pequena lomba situada na zona de aparcadoiro das naves comerciais existentes.



O xacemento do Castro, hoxe de difícil acceso, está nunha zona densamente arborada, polo que probablemente non vaia presentar vistas con amplas panorámicas, senón visións fragmentadas e secuenciais da paisaxe do entorno.

A zona da lomba situada a carón dos aparcadoiros constitúe, porén, un excelente miradoiro, que permita ter unha ampla visión panorámica da contorna. Esta formación é o resultado da forte alteración topográfica producida pola explotación da antiga canteira que existía na zona, e a súa posterior colonización por edificacións e usos de carácter terciario.

Unha característica salientable da dita lomba é a súa situación illada, desconectada do territorio que a arrodea, polo que a súa integración no ámbito de actuación deberá ser resolta no proceso de desenvolvemento do sector.





5. IDENTIFICACIÓN DOS IMPACTOS

O plan que se tramita é unha modificación menor do PXOM aprobado e vixente, que ten por obxectivos principais:

- a) Excluir do sector de solo urbanizable SUD 9-10 unha parcela, que pasa a ter a clasificación de solo urbano consolidado, en cumprimento dunha sentenza xudicial.
- b) Incorporar o trazado do Camiño Portugués ao sector SUD 9-10, de acordo coa delimitación oficial que foi aprobada con posterioridade á aprobación do PXOM (DECRETO 154/2013, do 5 de setembro)

Ningunha destas modificacións puntuais do plan xeral vai supoñer un impacto paisaxístico na zona, que requira adoptar medidas de mitigación ou un seguimento específico. Ao contrario, a incorporación ao PXOM de determinacións para a axeitada integración do tramo do camiño no desenvolvemento do sector son a garantía dunha mellor adaptación ao ambiente e protección da paisaxe directamente relacionadas coa formulación do plan.

6. XUSTIFICACIÓN DAS MEDIDAS DE INTEGRACIÓN PAISAXÍSTICA

6.1. Obxectivos de calidade paisaxística e directrices de actuación

De seguido relaciónanse os obxectivos de calidade e as directrices de carácter paisaxístico que poden resultar relevantes neste estudo, en atención ao tipo e unidade de paisaxe do ámbito e ao alcance do plan urbanístico que se tramita, de acordo co Decreto 238/2020, do 29 de decembro, polo que se aproban as Directrices de paisaxe de Galicia.

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA (OCP):

Obxectivos xerais

OX8. Unhas paisaxes urbanas ben dimensionadas, nas cales os materiais e volumes se adaptan á paisaxe da contorna e nas cales se procure a compactidade fronte á dispersión.

OX10. Unhas paisaxes vinculadas a valores patrimoniais que poñan de manifesto a relevancia histórica, simbólica e identitaria dos elementos patrimoniais materiais e inmateriais.

Obxectivos de calidade en relación cos elementos caracterizadores da paisaxe

- **Elementos do patrimonio cultural material**
 - *Un patrimonio cultural protexido, respectado e integrado nas escenas paisaxísticas en que se asenta, atendendo á súa relación con outros elementos configuradores da matriz paisaxística e na procura dunha correcta xestión ou recuperación no caso de ser preciso.*
 - *Un patrimonio material reflexo das interaccións pasadas entre o ser humano e o territorio, expresión territorial das condicións socioeconómicas dos diversos períodos históricos e posto en valor a través do seu estudo e divulgación.*
 - *Uns elementos do patrimonio material identificados como configuradores da paisaxe, compatibilizando a súa presenza coa doutros valores estéticos, naturais e produtivos.*
- **Sendas, Camiños de Santiago e vías históricas e tradicionais**
 - *Unha matriz paisaxística na contorna dos Camiños de Santiago ben conservada mediante a protección de todos aqueles elementos que constitúen a paisaxe cultural que conforma o Camiño de Santiago e a minimización das afeccións ás liñas estruturais da paisaxe vinculada ao camiño: elementos lineais (peches tradicionais, sebes, arboredos, etc.), sistema viario adxacente, cursos de auga, modelo parcelario e sistema de cultivos, valores ambientais, fisiografía e relevo, infraestruturas, núcleos de poboación e patrimonio material e inmaterial.*
 - *Unha rede de camiños, carreiros e vías históricas (vías romanas, camiño reais, camiños de arrieiros, camiños de misa, vías pecuarias, etc.) que conserven as súas características primixenias e postos en valor como articuladores históricos do territorio fomentando o coñecemento das trazas, as lendas, as tradicións e as prácticas vinculadas a eles.*

Obxectivos de calidade para as grandes areas paisaxísticas

- **Obxectivos xerais para Galicia central**

9B_4 Uns espazos urbanos xestionados mediante instrumentos que conduzan a súa compactidade e integración paisaxística.
- **Obxectivos específicos para a unidade e tipo da paisaxe do ámbito en estudo**

Paisaxe urbano en chairas ou vales interiores ou sublitorais:

9B_4_1. Uns centros urbanos ben xestionados mediante instrumentos que conduzan a compactidade e á diversidade de usos compatibles co residencial, integrando as edificacións contemporáneas coa conservación dos valores propios do núcleo

9B_4_2. Unhas urbanizacións xestionadas adecuadamente, con crecementos proporcionados, de escala axeitada ao territorio sobre o cal se insiren, e mantidas e xestionadas con criterios de mellora paisaxística.

DIRECTRICES DE ACTUACIÓN

Para acadar os citados obxectivos establécense determinadas directrices, que poden ter carácter normativo (N) ou orientativo, como recomendacións (R).

As que poden resultar relevantes para o caso concreto do ámbito de estudo e o limitado alcance do plan son as seguintes:

Directrices xerais.

DX_3. Os restantes instrumentos de planeamento urbanísticos (isto é, distintos do Plan xeral de ordenación municipal) estudarán a paisaxe seguindo o criterio de proporcionalidade, e dicir, axustarán o seu nivel de alcance á súa natureza, e ao potencial impacto paisaxístico que podan xerar.

DX.23. Establécense as seguintes directrices relativas aos elementos do patrimonio cultural material:

- a) (R) Estableceranse os mecanismos de colaboración e coordinación oportunos entre as diferentes administracións e organismos competentes ou involucrados na preservación do patrimonio arquitectónico e histórico, para contribuír á protección e mellora das paisaxes caracterizadas por estes elementos.
- b) (R) En ámbitos urbanos promoverase a creación de espazos libres públicos na contorna dos elementos con valor patrimonial, cultural, histórico ou identitario. En calquera caso, as novas construcións nestes espazos tratarán de ser respectuosas cos valores propios destes elementos e deben coidar as súas características estéticas e as vistas desde os elementos patrimoniais, así como non perturbar a súa caracterización histórica.
- c) (R) En ámbitos non urbanos fomentarse a creación de parques, áreas de espaxamento ou outros espazos públicos en que se garanta unha paisaxe de calidade na contorna dos elementos de interese patrimonial, sempre que sexa compatible coa conservación dos seus valores.

...

...

...

- g) (R) Calquera intervención na contorna dos elementos patrimoniais deberá asegurar a conservación dos valores estéticos e paisaxísticos destes elementos, así como a súa caracterización histórica e os valores inmateriais que lle dan carácter.

...

- i) (R) Protexeranse as vistas desde e cara a elementos do patrimonio cultural relevantes.
- j) (R) Desenvolverase un plan de posta en valor dos elementos patrimoniais como elementos configuradores da paisaxe tradicional, que aproveite o valor paisaxístico dos bens do patrimonio etnolóxico establecidos no artigo 91 da Lei 5/2016, tales como hórreos, cruceiros, petos de ánimas, pallozas, chozas, muíños, fontes, lavadoiros, ferrarías, obradoiros, fornos, camiños reais, pontellas, pesqueiras, neveiras, carballeiras, cerramentos tradicionais, alvarizas ou foxos de lobos. A súa concreción pode levarse a cabo a través da creación de itinerarios paisaxísticos temáticos: (1) itinerarios sobre antigas infraestruturas (muíños e outros), (2) itinerarios etnográficos relacionados

coa agricultura, a gandería ou a pesca, (3) itinerarios arqueolóxicos (megalitismo, petróglifos, cultura castrexa, galaico-romano), (4) itinerarios do patrimonio relixioso (monacato, santuarios). Estes itinerarios integraranse na súa contorna e evitarán a fragmentación do territorio, e terán como obxectivo a ligazón de elementos de interese.

...

DX_25. Camiños de Santiago, sendas e vías históricas e tradicionais.

As directrices establecidas en relación con estes elementos refírense basicamente a súa integración paisaxística territorial, en solos de carácter rústico e rural, non canto como parte de trazados urbanos, polo que non se estiman moi relevantes no caso concreto en estudo.

Directrices específicas para grandes áreas paisaxísticas e unidades de paisaxe:

Unidades de paisaxe do tipo urbano

UR.03 (N) Coidarase a imaxe exterior dos núcleos urbanos, especialmente nas zonas de maior exposición visual. Evitarase a aparición de novos medianís vistos e propoñeranse actuacións para a transformación dos consolidados.

UR.08 (N) Estableceranse as medidas necesarias para a conservación e potenciación dos valores paisaxísticos dos elementos urbanos de interese arquitectónico, cultural ou patrimonial.

UR.09 (N) Rehabilitarase e poñerase en valor a parte histórica dos núcleos urbanos, así como calquera elemento ou edificación con valor arquitectónico, patrimonial ou cultural.

UR.10 (R) Fomentarase a integración paisaxística dos percorridos urbanos existentes, con medidas como o incremento de arboredo, a implantación de itinerarios peonís e ciclistas, etc. Promoverase a creación de itinerarios peonís, preferentemente para o desfrute dos espazos urbanos de maior calidade paisaxística e das fachadas marítimas e fluviais.

UR.11 (R) Incorporarase progresivamente arboredo autóctono nas rúas, paseos e sistema viario urbano en xeral, empregando en cada caso as especies arbóreas adecuadas para a largura, orientación e tipoloxía da beirarrúa e da rúa.

UR.12 (R) Nas zonas verdes e espazos públicos empregaranse, salvo que non sexa viable, especies vexetais autóctonas e plantaranse árbores nun número axeitado ao espazo en que se localicen e aos usos públicos previstos. Sempre que sexa posible, conservarase o arboredo de interese histórico, especies autóctonas e exemplares de gran porte. Buscarase un deseño de calidade para estas zonas que aplique as técnicas máis recentes da arquitectura paisaxística.

UR.13 (R) Procurarase deseñar uns espazos públicos e zonas verdes máis ecolóxicos e máis naturais, cun mantemento que requira un menor consumo de enerxía e auga.

UR.17 (R) Nas zonas urbanas promoverase o soterramento dos tendidos eléctricos e do cableamento das redes de telecomunicación existentes.

6.2. Xustificación das medidas concretas adoptadas

As medidas concretas adoptadas para acadar os obxectivos de calidade paisaxística esperados no ámbito de estudo, atendendo ao tipo e unidade de paisaxe que se estuda, e dun xeito proporcionado ao limitado alcance da modificación puntual do PXOM son as seguintes:

No ámbito do solo urbano consolidado

- Proxecto de reordenación viaria

Obrigación de realizar un proxecto de reordenación viaria e reurbanización específico para o deseño do enlace das rúas Volta do Castro, Volta do Castro de Abaixo (tramo incorporado ao trazado do Camiño Portugués), travesa da Choupana, rúa da Choupana e rúa de Gerardo Fernández Albor.

O proxecto deberá ter en conta obxectivos específicos de integración urbana, en particular de mellora dos fluxos de carácter peonil, e un tratamento axeitado dos pavimentos, materiais, mobiliario urbano, arboredo... seguindo as directrices e criterios específicos coherentes coa súa condición de tramo do Camiño Portugués de peregrinación.

- Reordenación dos volumes e condicións estéticas da parcela edificable.

A parcela edificable en ordenanza 3, hoxe ocupada por parte das naves existentes, en situación de fóra de ordenación, reordénase co obxecto de producir un volume máis controlado que presenta unha fachada principal na zona máis visible no acceso desde o Camiño Portugués. En consecuencia modifícase a ordenanza de aplicación para acomodarse a tipoloxía prevista, que pasa de ser a ordenanza 3 (edificación en liña) a ser ordenanza 4 (edificación en bloque). Ademais establécense determinadas condicións estéticas que haberá de cumprir a futura edificación para garantir a súa integración.

No ámbito do solo urbanizable SUD 9-10

- Cualifícase o tramo do Camiño Portugués que discorre polo sector como parte do sistema de espazos libres públicos de carácter local na categoría de paseo peonil.
- Modifícase o artigo 67 do PXOM vixente, que establece as determinacións para o futuro desenvolvemento do sector, introducindo aspectos de carácter normativo para garantir a integración e adaptación paisaxística da futura proposta de ordenación.

As medidas sinaladas permiten garantir os obxectivos de calidade paisaxística e establecen pautas coherentes coas directrices de carácter paisaxístico descritas no apartado 6.1.

Santiago de Compostela
A xefa da Sección de Planeamento do Concello
Esther Sánchez Espiñeira, arquitecta
Asinado electronicamente